


O menú "Grupos"

O [menú](#) grupos permite a administración e configuración dos permisos para cada grupo de usuarios. (Lembrar que todo usuario debe pertencer sempre a un grupo).

Por defecto existen 4 grupos, aínda que é posible crear novos grupos:

- Administrators
- Guests
- Registered
- Banned



Na barra de información superior aparecen os seguintes campos:

- Grupo: o campo grupo recolle o nome dos diferentes grupos creados. Para cambiar o nome do grupo simplemente hai que premer no mesmo e poñer o desexado. En "espazo" pódese especificar o tamaño de almacenamento do que disporán os usuarios habilitados para ter unha galería persoal. Finalmente, "en álbums asignados" podemos picar para asignar álbums ao grupo en cuestión.
- Permisos: permite configurar o que os usuarios do grupo poden ou non poden facer. Para iso seleccionamos si ou non onde corresponda (ver posición -valoración- e comentarios das imaxes engadidas, enviar as imaxes como postais vía email)
- [Subir](#) álbums públicos: Permitir a subida de arquivos a albums públicos.
- Galería persoal: Permite especificar unha galería persoal (privada) para cada usuario do grupo. (Tanto en [subir](#) álbums públicos como en galería persoal aparece a opción aprovar. Se poñemos si nesta opción quere dicir que o [administrador](#) ten que autorizar a acción. En caso contrario a acción faise automaticamente).
- Método de "subida": permite especificar o tipo de subidas de arquivos. Como veremos posteriormente, a subida de arquivos nesta versión de Coppermine realízase obrigatoriamente un en un, polo que interesa un número relativamente alto en "Caixas de subida de arquivos".

Recomendación: Desde o proxecto Webs Dinámicas recoméndase que o profesorado do centro pertenza ao grupo "Registered". (Na [tarefa](#) voluntaria proposta traballárase cos permisos dos grupos)

Olo!! Lembrar que cada vez que fagamos cambios temos que "Aplicar as modificacións".

